

# Estatutos da Asociación Internacional de Estudos Galegos

## Capítulo I

### Denominación, fins, domicilio e ámbito

#### Artigo 1

Coa denominación “Asociación Internacional de Estudos Galegos / International Association of Galician Studies (AEIG)” constituíuse unha ASOCIACIÓN, arestora ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

#### Artigo 2

Esta Asociación constituíuse por tempo indefinido.

#### Artigo 3

A AIEG persegue exclusivamente obxectivos de utilidade xeral. A súa existencia ten como fins:

- a) Promover os estudos galegos a nivel internacional.
- b) Propiciar o intercambio entre as/os estudosas/os das diversas disciplinas que se ocupan da realidade galega.
- c) Fomentar a presenza da cultura galega no mundo, especialmente no ámbito académico.

#### Artigo 4

Para o cumprimento destes fins, a AIEG promove a organización dun congreso internacional e a edición dun boletín informativo e doutras publicacións, tanto impresas como electrónicas, que se xulguen convenientes.

#### Artigo 5

A Asociación establece o seu domicilio social non Consello da Cultura Galega, Pazo de Raxoi, 2º andar, 15705 Santiago de Compostela, Galicia; e o seu ámbito territorial, no que vai realizar principalmente as súas actividades, comprende todo o territorio do Estado, así como o eido internacional académico.

## **Capítulo II**

### **Órganos de goberno e representación**

#### **Artigo 6**

Os órganos de goberno da AIEG son a/o Presidenta/e, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva constituída por un/ha Presidenta/e, un/ha Vicepresidenta/e, un/ha Secretario/ a, un/ha Tesoureira/o, un/ha Secretaria/o de Relacións Institucionais e catro Vogais. Estes cargos serán designados e revocados pola Asemblea Xeral, e o seu mandato terá unha duración de tres anos. A válida constitución da Xunta Directiva require a presenza de polo menos a terceira parte dos seus membros.

#### **Artigo 7. Facultades da Xunta Directiva**

Correspóndelle á Xunta Directiva a xestión ordinaria e a actividade executiva da Asociación nos períodos comprendidos entre as sesións da Asemblea Xeral. Os acordos da Xunta Directiva adóptanse por maioría simple. Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegada/os para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socias/os.

#### **Artigo 8. Funcións dos membros da Xunta Directiva**

a) Correspóndelle á/ao Presidenta/e:

1. Elaborar coa Xunta Directiva a orde do día das sesións.
2. Convocar, presidir e pechar as sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra.
3. Decidir, se fose preciso, co seu voto de calidade a orientación dunha determinada decisión.
4. Representar legalmente a Asociación en calquera das súas actividades, perante toda clase de organismos públicos ou privados.
5. Supervisar e autorizar as actuacións que de ordinario lles correspondan a outros membros nos casos en que así o dispoñan os Estatutos.
6. Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.

7. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- b) Correspóndelle á/ao Vicepresidenta/e substituír a/o Presidenta/e en todas as súas funcións por razón de enfermidade ou calquera outra causa xusta, ou cando este delegue as súas funcións por un tempo determinado.
- c) Correspóndelle á/ao Secretaria/o levantar acta das sesións, así como dirixir os traballos puramente administrativos da Asociación. Expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.
- d) Correspóndelle á/ao Tesoureira/o:
1. Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación.
  2. Realizar os pagos que lle ordene a/o Presidenta/e.
  3. Propoñerlle á Xunta Directiva todas as cuestións referentes á mellora e ordenación da actividade económica da Asociación.
- e) Correspóndelle á/ao Secretaria/o de Relacións Institucionais o referente á divulgación do coñecemento da Asociación e o establecemento de vínculos con institucións e outras asociacións que teñan fins semellantes á AIEG.
- f) As/Os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

### **Artigo 9. Elección da Xunta Directiva.**

A Xunta Directiva será elixida por un período ordinario de tres anos pola Asemblea Xeral, entre as candidaturas presentadas perante os organismos constituídos cun mes de antelación á sesión da Asemblea. As candidaturas presentaranse por escrito perante a Xunta Directiva en funcións. As candidaturas deben facer constar os cargos que se propoñen e achegar un escrito de aceptación asinado polo candidato.

Despois de debater a proposta ou propostas de Xunta Directiva, terá lugar a votación. Para a elección requírese o voto favorable da maioría absoluta dos membros presentes. Se ningunha candidatura acada esa porcentaxe, terá lugar unha segunda votación na que abundará o voto favorable da maioría simple.

Todos os cargos directivos poden ser reelixidos con excepción da/o Presidenta/ e. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral convocada ao efecto.

## **Capítulo III**

### **Asemblea xeral**

#### **Artigo 10**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por toda/os a/os asociadas/os. Compételle á Asemblea Xeral definir os programas de traballo, elixir a Xunta Directiva, fixar a cota dos membros e resolver sobre o informe da/o Presidenta/e, da/o Secretaria/o e da/o Tesoureira/o.

#### **Artigo 11**

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria se concorre máis da metade dos membros da Asociación. De non conseguirse ese quórum, a Asemblea quedará constituída en segunda convocatoria media hora máis tarde, calquera que sexa o número de membros que comparezan.

#### **Artigo 12**

A sesión ordinaria da Asemblea Xeral terá lugar canda o congreso internacional patrocinado pola Asociación. Convocaranse sesións extraordinarias cando os intereses da Asociación así o esixan ou por solicitude escrita e motivada que se dirixa á Xunta Directiva e que estea subscrita polo menos pola décima parte dos membros da Asociación.

#### **Artigo 13**

As sesións da Asemblea Xeral son convocadas pola/o Presidenta/ e ou, por imposibilidade de esta/e, pola/o Vicepresidenta/e mediante carta ou circular dirixida a todos os membros, na que se anunciará o lugar, a data e a orde do día da sesión, con expresión concreta dos asuntos que se van tratar. A convocatoria deberá realizarse cunha antelación de polo menos trinta días naturais.

#### **Artigo 14. Desenvolvemento das sesións da Asemblea Xeral e votacións:**

- a) A/O Presidenta/e, ou no seu defecto a/o Vicepresidenta/e, dirixirán as sesións. En caso de imposibilidade de ambos, a Asemblea elixirá un moderador.
- b) Asemblea Xeral pode modificar a orde do día da sesión ordinaria por unanimidade dos membros presentes.
- c) Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse, como norma xeral, por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións. As votacións realizaranse, en principio, a man alzada pero serán secretas por solicitude de calquera membro cando se trate dunha decisión referida á elección de persoas.  
Será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

1. Disolución da entidade.
2. Modificación dos Estatutos.
3. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.

- d) Poderase efectuar o voto por correo para a elección da Xunta Directiva sobre a lista de candidatos enviada coa convocatoria da sesión da Asemblea Xeral. Neste caso, o voto deberase dirixir por escrito ao presidente da AIEG con a antelación suficiente para que o reciba antes do comezo da sesión.
- e) Os membros que asistan ás sesións da Asemblea Xeral poderán exercer o dereito de voto en representación dun máximo de tres membros ausentes. As delegacións de voto deberanse dirixir por escrito á/ao presidente da AIEG coa antelación suficiente para que as reciba antes do comezo da sesión.
- f) Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral rexistraranse nunha acta, na que se fará constar o lugar, a data e a hora das sesións, un resumo do debate e o resultado das votacións. A acta será asinada pola/o Secretaria/o e pola/o Presidenta/e da AIEG.

### **Artigo 15. Facultades da Asemblea Xeral.**

- a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais.
- c) Elixir os membros da Xunta Directiva.
- d) Fixar as cotas ordinarias o extraordinarias.
- e) Disolución da Asociación.
- f) Modificación dos Estatutos.
- g) Disposición ou alleamento dos bens.
- h) Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.

### **Artigo 16.**

Requiren acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto:

- a) Modificación dos Estatutos.
- b) Disolución da Asociación.

## **Capítulo IV**

### **Réxime económico**

#### **Artigo 17**

Os recursos económicos da AIEG proveñen de:

- a) As achegas do seus membros mediante cotas.
- b) As doazóns e subvencións que poida recibir.
- c) Calquera outro recurso lícito.

A Asociación constitúese cun patrimonio inicial de seis mil euros e non se prevé superar a cantidade de sesenta mil euros no orzamento anual. A Xunta Directiva proporalle á Asemblea Xeral a aprobación do orzamento e na mesma sesión renderá contas da xestión do exercicio anterior. A Asemblea poderá designar un interventor imparcial que informe sobre os resultados da inspección de contas. A modificación da cota dos membros da AIEG é competencia da Asemblea Xeral e require o voto favorable de dúas terceiras partes dos presentes na sesión.

## **Capítulo VI**

### **Membros da asociación**

#### **Artigo 18**

Pode ser membro da AIEG calquera persoa natural ou xurídica con capacidade de obrar e en pleno exercicio dos seus dereitos civís que acepte os obxectivos fundamentais da Asociación segundo establece o Artigo 3 destes Estatutos.

#### **Artigo 19**

Os membros da AIEG poden ser de pleno dereito ou de honra. Son membros de honra da AIEG aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral da Asociación lles recoñeza esa condición en atención aos seus méritos. Os membros de honra, non sendo que teñan asemade a condición de membros de pleno dereito, carecen do dereito de voto nas sesións da Asemblea Xeral.

#### **Artigo 20**

Os membros da AIEG poden abandonar a Asociación en calquera momento mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación. A Xunta directiva pode decidir a expulsión dun membro no caso de que este prexudique gravemente os intereses da Asociación ou non pague a súa cota. O interesado ten dereito a recorrer perante a propia Xunta Directiva no prazo dun mes e sobre este recurso decidirá a Asemblea Xeral na primeira sesión en que se reúna.

#### **Artigo 21. Dereitos básicos dos membros**

- a) Participar nas deliberacións dos distintos órganos en que estean integrados e, no caso dos membros de pleno dereito, nas votacións correspondentes.
- b) Elixir e ser elixidos para os cargos da Xunta Directiva ou de calquera outra comisión da Asociación que se poida establecer.
- c) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- d) Participar nas actividades que se organicen en conformidade coas funcións e obxectivos que aprobe a Asociación.

#### **Artigo 22. Deberes básicos dos membros**

- a) Participar coas súas cotas no financiamento da Asociación. As cotas satisfáranse anualmente.
- b) Respetar e colaborar no cumprimento das decisións tomadas polos órganos da Asociación, sen mingua do dereito a impugnar os acordos e resolucións que ao seu xuízo non se axusten a dereito ou a estes Estatutos.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

## **Capítulo VI**

### **Disolución**

#### **Artigo 23**

A Asociación pódese disolver polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado coo voto favorable de nove décimas partes dos membros en sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para o efecto, e consonte o disposto no Artigo 16 dos presentes Estatutos.
- b) Polas causas que prevé o Artigo 39 do Código civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.

#### **Artigo 24**

Na sesión na que se decida a disolución da Asociación resolverase sobre a liquidación do seu patrimonio, o alleamento de bens, saldo de débedas e reintegración dos créditos.

#### **Artigo 25**

Realizadas as operacións mencionadas non apartado anterior, doarase o líquido resultante a algunha ou algunhas asociacións do mesmo tipo e finalidade que a AIEG e preferentemente a que se constituía, se é o caso, en substitución dela.



## **Capítulo VII**

### **Interpretación e modificación dos estatutos**

#### **Artigo 26**

A interpretación destes Estatutos correspóndelle á Xunta Directiva da AIEG e os acordos que se adopten sobre esta materia requiren o voto favorable de dúas terceiras partes dos membros que constitúen o devandito órgano. Os membros da Xunta Directiva desconformes coa interpretación aprobada poden recorrer contra esta perante a Asemblea Xeral mediante escrito motivado que deberán presentarlle á Xunta Directiva no prazo dun mes desde que se adoptou o devandito acordo.

A modificación destes Estatutos, tal como se explicita no seu Artigo 16, é competencia da Asemblea Xeral da AIEG convocada en sesión extraordinaria para o efecto. O acordo require o voto favorable de tres cuartas partes dos membros presentes.

#### **Disposición adicional**

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.